



Principado de
Asturias



Nota de prensa

Llúis, 7 d'abril del 2025

Educación empieza úa campaña nova pra incentivar a matriculación en llingua asturiana y eonaviego

- A iniciativa vai desenvolverse en tres fases, coincidiendo cos periodos de solicitú de praza y d'inscripción
- El Principao ha a repartir nos centros d'enseño carteles, folletos, bolígrafos y marcapáxinas col calendario escolar

A Consejería d'Educación empezó hoi úa campaña nova pra incentivar a matriculación pral curso escolar que vén del alumnao de Primaria, Secundaria y Bachillerato en llingua asturiana y eonaviego en centros sostidos con fondos públicos. A iniciativa ha a desenvolverse en tres fases: antias y al llargo del periodo de solicitú de praza, y cinco días primeiro d'empezar a inscripción.

A campaña publicitaria, que lleva de lema Apúntome, ha a difundirse en medios impresos, dixitales y nas redes sociales Facebook y Instagram. A consejería quer volver compaxinar os formatos tradicionales cuas cales de comunicación máis usadas pola xente nova.

A primeira fase empieza hoi y ha a allargarse hasta el 11 d'abril. A promoción ha a interrumpirse al llargo da Semana Santa y ha a volver núa segunda onda del 21 al 25 d'abril. El prazo de presentación de solicitudes d'admisión ha a ser del 21 d'abril al 6 de mayo.

Pr'acabar, el terceiro ciclo ha a desenvolverse del 13 al 23 de xunio. Pola súa parte, el periodo de matriculación ha a ser del 18 al 25 de xunio pral alumnao de Primaria, y del 30 de xunio al 11 de xuyín pra Secundaria y Bachillerato.

A iniciativa chufa a diversidá llingüística y cultural, os beneficios das llinguas d'Asturias nas distintas etapas educativas y a súa relación cuas señas d'identidá autóctonas. Tamén incluye un lema axeitao al público obxectivo, que subraya a oferta nos enseños obligatorios y el Bachillerato.

A campaña diríxese á comunidá educativa y á ciudadanía en xeneral, con un diseño visual chamadeiro, un llinguaxe sinxello axeitao pra todos os públicos y non sexista. É moderna, dinámica y vai al son d'úa sociedá

Nota de prensa

que favorece a convivencia, a integración y as tradiciónis. Cada acción usa a etiqueta #educallingua.

A llingua asturiana é úa materia d'oferta obligada nas etapas educativas de Primaria, ESO y Bachillerato, pro que s'estudia de xeito totalmente voluntario. El alumnao interesao pode solicitallo al empezo de cualquiera curso, independientemente de qu'escoyera outra optativa antias.

Os contidos da campaña tán dispoñibles nel portal Educastur (www.educastur.es/asturiano/centros), unde figura tamén información básica sobre estas enseñanzas y as fechas de matriculación.

Materiales de reforzo

Por outro llao, a consejería ha a complementar a campaña col reparto en todos os centros educativos d'úa serie de materiales pra fomentar a matriculación. A entrega ha a empezar estos días y ha a realizarse en tres fases.

Primeiro, han a enviarse carteles informativos a os centros d'enseño. Máis adelante, han a mandarse folletos y bolígrafos a todo el alumnao escolarizao. Y, pral periodo de matriculación, han a repartirse marcapáxinas col calendario escolar del curso que vén.

Esta campaña responde el compromiso da Consejería d'Educación de promover el uso, a difusión y el enseño del asturiano y el eonaviego, en cumplimiento da Llei 1/1998, del 23 de marzo, ademáis de potenciar a pluralidá llingüística y cultural del Principao.

A iniciativa coincide, ademáis, con un curso escolar nel qu'a materia de Llingua Asturiana y Lliteratura rexistróu a cifra máis alta d'alumnao dos últimos anos, con un aumento del 1,2 % d'estudiantes.